

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Información pública. Modificación da mesa permanente de contratación de contratos de obra*

##### Información pública

##### Modificación da mesa permanente de contratación de contratos de obra

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo, modificado na sesión plenaria ordinaria celebrada o 26 de maio de 2016, e que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP:

**PRIMEIRO.**–Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos de obra por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177.1 do TR da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de este tipo que se incoen no Concello de Bergondo, de conformidade co establecido no artigo 320 do citado TRLCSP.

Así mesmo, a mesa asistirá ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos de obra nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar o anuncio de licitación.

**SEGUNDO.**–Desinar como integrantes da Mesa de Contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidenta: a alcaldesa D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez ou concelleiro da Corporación no que delegue.

Vogais: a secretaria xeral do Concello

A interventora municipal

O arquitecto municipal

O arquitecto técnico municipal

Un representante desinado por cada un dos grupos políticos que integran a Corporación municipal e concelleira non adscrita.

Secretaria: a funcionaria administrativa do concello, adscrita ao Servizo de Contratación, que actuará con voz pero sen voto.

O órgano de contratación poderá designar os asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto.

**TERCEIRO.**–Para a adjudicación de contratos de outro tipo, nomearase unha mesa específica para cada un deles.

**CUARTO.**–Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para o coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 21.4, parágrafo terceiro, do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Logo da desinación efectuada por cada un dos grupos políticos municipais, e a modificación da organización municipal, a composición nominal da Mesa de contratación permanente para contratos de obra é a seguinte:

Presidenta: a alcaldesa, dona Alejandra Pérez Máquez (suplentes: pola orde de suplencia os tenentes de alcalde).

Vogais:

- Polo PSdeG-PSOE: Francisco Javier Santos Maseda (suplentes: José Ramón Lorenzo Carou, M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado, e Patricia María Vázquez Figueroa).
- Por VB: Francisco Manuel Fafián Torreiro (suplentes: M.<sup>a</sup> del Loreto Caseiras Arroyo e Alicia M.<sup>a</sup> Souto Ramos).
- Polo PP: Noelia Fernández Ventureira (suplente: José Ángel Vieiro Amor).
- Por SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira (suplente: Eloy Babío Veiga).
- Concelleira non adscrita: Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas.

- Roberto M. Chao Gavilán, arquitecto municipal.
- Juan Carlos Gómez Pérez, arquitecto técnico municipal.
- Laura Gutiérrez Ortiz, interventora municipal ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos, secretaria xeral municipal ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

Secretaria: Rosa M.<sup>a</sup> Calviño Calvete ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

Bergondo, 30 de maio de 2016.

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2016/4466